

Instruccións a seguir polas beneficiarias das axudas:

En canto á aceptación ou renuncia da subvención outorgada a base nº 10 da convocatoria establece:

*“Publicada a resolución de concesión das subvencións polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días para a súa renuncia ou aceptación expresa, nos termos establecidos no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, axustándose ao modelo que se inclúe como Anexo I nas bases da convocatoria. **No caso de non presentar a entidade o devandito escrito de renuncia ou aceptación expresa, entenderase como aceptada tácitamente a mesma e obterá esta condición de beneficiario.**”*

Asimesmo recordar que tal e como establece a base nº 11 da convocatoria do programa (con)trato **feito!**:

*“Unha vez publicada a resolución de concesión favorable da subvención, as beneficiarias **disporán dun prazo de 10 días naturais contados dende o día seguinte á devandita publicación para formalizar o contrato de traballo coa persoa desempregada e para dala de alta no réxime xeral de Seguridade Social.** Se non se realizan as dúas actuacións anteriores no devandito prazo, a entidade perderá a condición de beneficiaria.*

Así mesmo, a entidade deberá achegarlle ao Concello de Lugo, dentro dese mesmo prazo de 10 días naturais, a documentación acreditativa da contratación realizada: contrato de traballo, informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego no que poida verificarse a antigüidade da demanda da ou do traballador contratado, DNI da persoa traballadora, informe de vida laboral da ou do traballador contratado e informe de vida laboral da empresa, ambos os dous actualizados, certificado acreditativo da discapacidade nunha porcentaxe de, ao menos, o 33% da persoa traballadora contratada, se é o caso.

Para o caso de que a empresa non cumpra coas condicións da solicitude, extinguirase o dereito a percibir subvención e perderá a condición de beneficiaria.

A entidade beneficiaria para ter dereito ao pagamento da subvención deberá manter no cadro de persoal a persoa traballadora contratada durante un período mínimo de 12 meses, contados dende a data de alta no réxime xeral da Seguridade Social desta última.

A publicación da resolución das presentes axudas estará a disposición dos interesados dende o día de 3 de xaneiro de 2017 na páxina web (www.lugo.gal) do Concello de Lugo, no Taboleiro de Edictos do mesmo e no B.O.P. de Lugo, e a partir do día seguinte á devandita publicación comezarán a contar os prazos indicados nas bases nº 10 e nº 11.



Achegamos a continuación, e a modo de recordatorio os requisitos que deben **cumprir os traballadores desempregados a contratar e as entidades beneficiarias:**

1º a persoa a contratar debe estar desempregada e inscrita no Servizo Público de Emprego de Lugo cunha antigüidade, de ao menos seis meses ininterrompidos como demandante, computados a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (data publicación convocatoria realizada o 24 de setembro de 2016). De xeito que no momento de publicación das bases e da apertura da convocatoria no BOP da Provincia de Lugo se computen ao menos 6 meses de antigüidade como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Lugo.

2º a persoa a contratar **debe na data da contratación** encontrarse inscrita como demandante de emprego (situación legal de desemprego) no Servizo Público de Emprego de Lugo non sendo válida a posibilidade da inscrición como demandante en mellora de emprego.

É necesario aclarar que dende o día seguinte da publicación da convocatoria no B.O.P. de Lugo, é dicir, **dende o día 25 de setembro de 2016 é ata o día anterior á data de contratación pola entidade, o traballador puido estar traballando nalgún momento dese período, sen que sexa penalizada esta situación**, eso sí repetimos que na data da contratación o traballador ten que encontrarse obrigatoriamente en situación legal de desemprego e inscrito no Servizo Público de Emprego de Lugo.

A selección do traballador desempregado a realizará directamente a empresa ou entidade beneficiaria, sen que o Concello de Lugo intermedie en ningún xeito na mesma, e escollerán as primeiras o método da devandita selección (directa, convocatoria, candidatos oficina de emprego, etc...) que máis lles conveña.

3º así mesmo os compromisos de contratación efectuados polas entidades solicitantes no momento da solicitude, no referido a contratación de colectivos desfavorecidos, tales coma, contratación dunha persoa desempregada de longa duración (máis de 12 meses de antigüidade), contratación dunha persoa de maior de 45 anos ou menor de 30 anos, ou a contratación dunha persoa con discapacidade de ao menos do 33%, **a data de referencia para cumprir tales requisitos de idade, de desemprego de longa duración e de discapacidade, será á data de publicación das bases e convocatoria do programa (24 de setembro de 2016).**

4º os desempregados a contratar deberán estar **empadroados no Padrón municipal do Concello de Lugo con anterioridade á convocatoria destas axudas no Boletín Oficial da Provincia**, é dicir, o día anterior á data de publicación das bases e convocatoria do programa, sendo válido o empradoamento que se produxera no día 23 de setembro de 2016 ou con anterioridade, pero nunca o realizado con posterioridade a esa data.

5º O procedemento de selección das entidades beneficiarias e a distribución das subvencións entre estas foi o de concorrencia competitiva, polo tanto, **será de obrigado cumprimento que a contratación se efectúe observando escrupulosamente o indicado e baremado na base nº 9 da convocatoria (procedemento de valoración e criterios de valoración das solicitudes), xa que de non cumprir co indicado libremente pola entidade no momento da solicitude, suporá a perda da condición de beneficiaria/o, de xeito que non recibirá a subvención, ou incluso poderá esixírselle o reintegro das cantidades percibidas con anterioridade. Así mesmo as actuacións reflexadas na MEMORIA PROXECTO** baremable cun máximo de 5 puntos e que acompañaba a solicitude, en aspectos tales coma,

- medidas adoptadas ou que se pretenden adoptar durante o período subvencionable para mellorar a innovación, o emprego de novas tecnoloxías e redes sociais que fagan á empresa máis competitiva.

- medidas adoptadas ou que se pretenden adoptar durante o período subvencionable que contribúan a que a empresa sexa respectuosa co medio ambiente.

- medidas de carácter social aplicadas ou que se pretenden adoptar durante o período subvencionable que contribúan a unha mellora da calidade do emprego do cadro de persoal.

serán vinculantes para a entidade beneficiaria, así como as devanditas medidas que a empresa adopte nas anteriores materias, podendo o Concello de Lugo facer labores ou actuacións de control ou comprobación para verificar a súa realización (base nº 15), e en todo caso se presentará xustificación documental da súa execución no momento da presentación das contas xustificativas da subvención antes de proceder ao pagamento.

As entidades beneficiarias que no momento da solicitude se comprometeran a formalizar un **contrato indefinido (36 meses)** coa persoa desempregada, e as cales se lles concedeu tres puntos no baremo, deixar claro que se comprometeron a realizar unha contratación laboral indefinida e a mesma polo tanto equivale a 36 meses a efectos de avaliación. En todo caso, esta ampliación deberá facerse constar no primeiro contrato que se asine aínda que a subvención só cubrirá os 12 meses iniciais. Así mesmo, despois de transcorrido o prazo mínimo de 12 meses da contratación da persoa desempregada, **as entidades que se comprometeron a realizar un contrato indefinido (36 meses), quedarán suxeitas durante todo ese período as comprobacións ou actuacións de control que o Concello de Lugo pode realizar para verificar o cumprimento do compromiso acadado pola beneficiaria,** debendo manter ao traballador contratado durante ese prazo, e nas mesmas condicións retributivas e profesionais durante toda a duración da relación contractual.

6º Recordarlles ás beneficiarias, que os salarios a aboar ós traballadores contratados non poderán ser inferiores ás cantidades establecidas nos convenios colectivos de aplicación, ou o salario mínimo interprofesional no seu caso, para



cada categoría profesional, e aínda tendo en conta, que no momento da solicitude de subvención estas non solicitaran as cantidades máximas que como subvención poderían outorgárselles.

7º Finalmente ás beneficiarias deberán ter en conta os compromisos adquiridos nas súas solicitudes con respecto aos colectivos dos traballadores desempregados a contratar, así como a duración e xornada das contratacións, e igualmente respectar o perfil do traballador a contratar e a categoría profesional anunciada. Para o caso de que a entidade non cumpra coas condicións da solicitude, extinguirase o dereito a percibir subvención e perderá a condición de beneficiaria.

O PRAZO DE CONTRATACIÓN DOS TRABALLADORES DESEMPREGADOS SERÁ DE DEZ DÍAS NATURAIS A CONTAR DENDE O DÍA SEGUINTE Á DATA DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN NA PÁXINA WEB, TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE LUGO E NO B.O.P. DE LUGO:

DENDE O DÍA 4 DE XANEIRO ATA O DÍA 13 DE XANEIRO DE 2017 (AMBOS INCLUSIVE)

Calquera dúbida ou aclaración necesaria con respecto ao presente documento, poderán contactar no teléfono: 982 297 468 ou a través do correo electrónico: contratofeito@concellodelugo.org

En Lugo, a 3 de XANEIRO de 2017



Concello de Lugo